

Á Mesa da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego 26246 (10/PNC-002026)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para atender as demandas en materia laboral formuladas polos profesionais que prestan servizo nos Puntos de Atención Continuada do Sergas, que será debatida o 16 de xaneiro de 2019.

EMENDA DE ADICIÓN

Débese engadir o seguinte punto:

“ - Elaborar un plan de continxencias que permita manter persoal dispoñible en todo o momento para poder cubrir as ausencias.”

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2019.

Asdo. Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 15/01/2019 13:54:43

Luis Villares Naveira na data 15/01/2019 13:54:51



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada Encarna Amigo Díaz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego **10/PNC-003259 (40346)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas queixas referidas ás deficiencias existentes no Servizo de Oncoloxía Pediátrica do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

Emenda de modificación

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a seguir traballando de maneira axil na mellora do espazo adicado a área de Oncopediatría, coa finalidade de dimensionar adecuadamente tanto a área de hospitalización como a das consultas ambulatorias”

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Pedro Puy Fraga na data 15/01/2019 16:55:15

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/01/2019 16:55:46



Á Mesa da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia 27863 (10/PNC-002162)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos déficits que presenta a dotación de medios humanos e materiais do Servizo de Urgencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, incluída na orde do día da devandita Comisión que se celebrará o 16 de xaneiro de 2019.

EMENDA DE ADICIÓN

Débese engadir o seguinte punto:

“- Atender ás demandas manifestadas polo Comité de Folga ante a situación actual.”

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2019.

Asdo. Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:





Eva Solla Fernández na data 16/01/2019 08:59:51

Luis Villares Naveira na data 16/01/2019 09:00:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia con número de rexistro **13130**, incluída na orde do día da Comisión 5ª que se vai celebrar o mércores 16 de xaneiro de 2019.

Emenda de adición

Engadir o seguinte punto:

“Atender a táboa reivindicativa para mellorar o servizo de urxencias de adultos trasladada desde a Comisión de Centro de atención especializada o 31 de outubro:

-Elaboración dun Plan Funcional negociado coa Comisión de Centro e acordado co equipo multidisciplinar, adaptado á realidade asistencial e que contemple a utilización do 100% do espazo na área de urxencias con dotación de persoal de maneira estábel.

-Creación dun grupo de traballo de avaliación continua.

-Dotación do número de profesionais en cada categoría que demandan para a cobertura que se precisa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Zona adicada a observación de doentes con patoloxías leves e/ou non se prevea que non necesitan asistencia especializada

-Priorización das interconsultas que se xeneran en urxencias.

-Cumprimento dos requerimentos de inspección de traballo que seguen sin aplicarse:vías de evacuaciónestean despexadas, non se empreguen como almacén de doentes...

-Substitución do 100% das ausencias

-Reposición do material deteriorado/absoluto/descatalogado

-Elaboración de protocolos para a asistencia de doentes pendentes de ingresos.”

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 16/01/2019 09:58:29

Ana Pontón Mondelo na data 16/01/2019 09:58:33

